

Motivos, forma e estrutura sintáctica dos refráns compilados por Marcial Valladares/

Xosé A. Fernández Salgado
Universidade de Vigo

1. Valladares, colector dos saberes populares

Marcial Valladares (Vilancosta, A Estrada, 1821-1903) foi autor dunha colección folclórica que sobrancea no contexto do Rexurdimento galego polo seu carácter pioneiro –a súas primeiras anotacións datan da década de 1840–, variado –abrangue os distintos xéneros: cantigas, romances, refráns, adiviñas, contos, modismos e frases feitas, meiguerías, xogos infantís...–, completo –coma tal, o texto do cantigueiro acompañouno frecuentemente da notación musical– e rigorosa –a propia personalidade do autor, a súa formación humanística así como o coñecemento dos costumes e tradicións do pobo lévannos a pensar que as mostras por el transcritas son de total fiabilidade. Pero aínda outro aspecto destaca da súa recolleita. Valladares non tivo reparo en actuar dende as terras ullás como correspondente dos grandes folcloristas do XIX nin en poñer a súa colección a disposición da tarefa de dignificación de Galicia desenvolta durante o Rexurdimento. Así, as mostras por el anotadas podemos atopalas espalladas nas coleccións e traballos de Murguía, Saco Arce, A. de la Iglesia, Casto Sampedro, Brañas... pero tamén nos de Machado y Álvarez, Milà y Fontanals ou Rodríguez Marín⁴⁴.

A atracción de Valladares e os outros folcloristas pola cultura e as tradicións populares orixínase nos presupostos do movemento romántico que percorre a Europa das primeiras décadas do século XIX, o que crea unha corrente favorable ó coñecemento do peculiar e do pasado na busca do que individualiza as persoas e os pobos. De aí xorde o interese pola Historia, o nacemento do *folk-lore* como ciencia en 1846 e a importancia que se lle acaba dando á tradición, que é un oco que cada cultura debe completar dalgunha maneira. Os eruditos e poetas do Rexurdimento encherán parte dese espazo con materiais da cultura popular, extraídos directamente dela ou refundidos e modificados de xeito diverso. Así pois, o Valladares que comeza a retratar os costumes do pobo e a anotar as súas mostras literarias e lingüísticas por mediados de século non é alleo ás influencias románticas de tipo historicista nin tampouco á moda do xénero costumista que triúfa nas letras hispánicas por esta altura. A colección folclórica que leva a cabo durante unha parte importante da súa vida deriva precisamente dunha súa actitude soidosa polo que se vai e da intención de rexistralo para que non desapareza. A propia ideoloxía de Valladares, nacido no seo dunha familia fidalga rural e criado nos valores conservadores e tradicionais, explica a súa vontade inmovilista e o rexeitamento do novidoso, pois, certamente, xa os novos usos e costumes xurdidos da revolución industrial e da emerxencia da burguesía comezaban a deixarse sentir nas

44 Para máis datos sobre a vida de Marcial Valladares, a súa relación con estes persoeiros así como sobre a súa outra obra literaria e lingüística pode consultarse Fernández Salgado (2005). Para a relación completa dos títulos que compoñen a súa colección folclórica pode verse Fernández Salgado (2005: 245-249).

aldeas galegas e ameazaban con alterar o seu modo de vida. Son as ideas que translocen as reflexións que nos deixou nos limiares dalgunha das súas obras coma o do *Cantigueiro popular* (1867), no de *Majina* (1870) ou no do seu *Diccionario gallego-castellano* (1884).

O seguinte artigo céntrase en describir a colección de refráns anotada por Valladares, sen dúbida, xunto cos seus contos, a parte máis esquecida da súa compilación folclórica. Situaremos o seu refraneiro na recolla feita en Galicia no século XIX e comentaremos algunhas das características lingüísticas dos refráns que a compoñen tendo en conta os motivos que os xeraron, así como os recursos literarios e a estrutura sintáctica que os sustentan, motivados en boa parte para favorecer a súa memorización na transmisión oral⁴⁵.

2. As recollidas de refráns galegos no século XIX

A paremioloxía foi na historia da literatura popular galega de tradición oral a primeira en chamar a atención dos estudosos, xa que a primeira colección de que temos novas foi realizada no século XVI polo humanista Hernán Núñez. A súa obra, publicada en 1555 baixo o título de *Refranes o proverbios en romance*, rexistraba 129 refráns galegos. Tamén na colección de Gonzalo Correas de 1627 titulada *Vocabulario de refranes y frases proverbiales* atopamos numerosos refráns galegos, a maioría tomados da colección Hernán Núñez. Do século XVIII, en plena Ilustración, datan as anotacións realizadas polos frades bieitos, primeiro a de Sarmiento e contra fins do século, a de Sobreira.

Xa no século XIX, en 1864 o médico ferrolán José López de la Vega incluíu máis dun cento de refráns, amais doutras tantas coplas, varios xogos e versos para recitar e un bo número de adiviñas no seu traballo “La poesía portuguesa y la poesía gallega”, publicado na coruñesa *Galicia, Revista Universal de este Reino* (1/3/1864). Ó ano seguinte, Manuel Murguía recolleu 169 refráns no volume I da súa *Historia de Galicia* (1865: 571-577); a maioría deles eran transcripción do refraneiro de Hernán Núñez xa citado, segundo Murguía porque se compilaran “con tan mala ortografía y tantas faltas de sentido”, que era necesario devolverlles a verdadeira lección e escritura⁴⁶. Ó ano seguinte, en 1868, sería o clérigo ourensán Juan Antonio Saco Arce quen incluíría 581 refráns nos “Apéndices I” da súa *Gramática Gallega*. Do número total o propio Saco Arce (1868: 263) recoñece que “ciento cincuenta y seis han sido tomados del apéndice ó ilustración I, del primer tomo de la Historia de Galicia por el Sr. Murguía”.

Os refráns publicados por Saco Arce na súa *Gramática* foron reproducidos na prensa da época en varias ocasións. Cando menos, a súa colección localizámola en tres das revistas monolingües en galego do momento. Coma tal foi publicada en dúas ocasións na ourensá *O tío Marcos d’a Portela* sen facer referencia ó colector. A primeira apareceu baixo o título de “Refrás” entre os exemplares de 22/10/1876 e o 16/9/1877; en total 23 entregas, só ata a metade da letra N. En 1884 volveu reproducirse de xeito íntegro en 10 entregas como “Refrás gallegos”. Nesta mesma revista no exemplar do 27/12/1885 (parrafeo 110) publicouse outro

45 Hai uns anos (Fernández Salgado 2003) xa dedicáramos unas páxinas á descrición do refraneiro de Marcial Valladares co gallo do centenario da súa morte. Este traballo, xunto á compilación dos refráns nun caderniño central, aparecera no estradense *Tabeirós Terra*. Segundo me comentaran os responsables deste xornal comarcal gratuíto, os 5.000 exemplares esgotáranse ó punto, o que en certo modo pon de manifesto a aínda querenza deste xénero polo pobo.

46 Un manuscrito destas anotacións foi estudado por Vidal Castiñeira (2003).

grupo de 37 refráns desordenados que parecen ser novos. Esta colección apareceu outra volta publicada a finais de xaneiro de 1886 baixo o título “Refrás gallegos” na revista habaneira *A Gaita Gallega*, entre os exemplares do 28/1/1886 e o 18/12/1887. Este refraneiro dáse como anónimo e só chegou ós iniciados por “O”; en total 383 refráns en sete entregas. Finalmente, a mesma colección de Saco da *Gramática* volveu ser reproducida en 1890 nas páxinas da luguesa *A Monteira* entre os números 43-54, en sete entregas. Neste caso indícase o nome do colector e a obra de onde se collen.

En 1881 Saco Arce acrecentaría a súa colección con outros cincocentos refráns máis, ata superar o milleiro. Non obstante, a engádegas non tivo difusión no seu momento, posto que a obra que os contiña, *Literatura popular de Galicia* (1881), quedou interrompida pola morte do autor cando estaba comezando a imprentarse.

Uns anos despois, en 1884, o mesmo ano en que lle premian o *Cancionero popular gallego* nos Xogos Florais organizados en Pontevedra pola revista *O Galiciano*, Pérez Ballesteros tamén verá premiado o seu “Refranero gallego y diccionario analítico”, con máis de 3.000 referencias, no certame organizado pola Reunión de Artesáns da Coruña en 1884. Carré Aldao (1911:85) indica que a súa colección fora a mellor das sete presentadas “por su perfecto método no menos que por la abundancia y curiosidad de sus referencias y noticias”. Actualmente permanece inédito na Real Academia Galega.

En 1886 será Antonio de la Iglesia quen faga tamén a súa pequena contribución ó refraneiro galego ó incluír 230 refráns de temática agrícola e mariñeira no tomo III da súa antoloxía *El Idioma Gallego* (1886: 202-227). Deles, hai 28 que afirma que foron recollidos polo seu irmán Francisco de la Iglesia.

En 1888 tamén comezou a publicarse no *Diario de Avisos* da Coruña (1888/1889) como folletín a *Colección de cantares y refranes gallegos*, asinada por R. C. (Ricardo Caruncho). Xa en 1893, tamén verían a luz, en dúas entregas, *Refranes gallegos no comprendidos en la colección del Señor Saco y Arce ni en la publicada en la revista Galicia por el señor Valladares*, publicada na coruñesa *Galicia. Revista Regional* en dúas entregas (n^{os} 9 e 10 da 2^a época). Esta colección de arredor de 200 ítems ía asinada polo médico e literato mindoniense Manuel Leiras Pulpeiro.

Finalmente, Marcial Valladares publicou en vida dúas grandes contribucións ó refraneiro galego, que abordaremos máis detidamente na sección seguinte. A primeira saíu á luz en 1884, entremedias das entradas léxicas do seu *Diccionario gallego-castellano* (1884), e a outra publicouse na prensa en 1887 nas páxinas da *Galicia. Revista Regional*, colección volta a publicar no semanario lugués *A Monteira* en 1890, aumentada aquí cun novo apéndice. Posteriormente, aínda anotaría algunha paremia máis nos *Elementos de gramática gallega* (1892) e como exemplos das voces de entrada no seu *Nuevo apéndice ó Diccionario gallego-castellano* (1896).

Como conclusión, podemos dicir que a finais do século XVIII e durante o século XIX as recolleitas de refráns apareceron como elemento auxiliar doutras obras, principalmente lexicográficas –o caso das coleccións de Sarmiento, Sobreira ou do propio Valladares–, ou como apéndice doutras publicacións –o caso das de Murguía ou Saco Arce que figuran nas súas *Historia* e *Gramática*, respectivamente–; ou ben son impresas en revistas –o caso dos publicados n’ *O Tío Marcos*, na *Galicia* ou n’ *A Monteira*, ou en formato de folletín como os de R. C. Non será ata a soleira do século XX, cando á calor da corrente agrarista atopemos os primeiros “refraneiros” como publicacións independentes, é dicir, como xénero autónomo. Os primeiros foron dous repertorios temáticos relacionados co mundo labrego: o *Refranero agrícola y meteorológico gallego* (1904) de E. Álvarez Giménez, publicado en Pontevedra, anotado

e con tradución dos refráns ó castelán; e o *Refraneiro agrícola meteorolóxico* (1906), de Pedro de Merille, publicado polo semanario betanceiro *La Defensa*. Canto ó primeiro, Álvarez Giménez (1904: 4-5) reconece no prólogo non só que tomou gran número de refráns do *Diccionario* de Valladares, da *Gramática* de Saco, da revista *Galicia* das coleccións de Valladares e Leiras, senón tamén que recibiu a achega de Pérez Ballesteros, Casto Sampedro, García de la Riega, Lorenzo Rodríguez e Manuel Ferreirós.

Na seguinte táboa recolleemos as principais coleccións de refráns feitas no século XIX⁴⁷:

Táboa 1: Principais coleccións de refráns galegos no s. XIX

<i>Colector</i>	<i>Localización da colección</i>	<i>Nº de refráns</i>
M. López de la Vega	Galicia. Revista Universal (1864)	c. 100
M. Murguía	Historia de Galicia (1865)	169
J. A. Saco Arce	Literatura popular de Galicia (1881)	1081
J. Pérez Ballesteros	Inédita na RAG (1884)	c. 2000
R. C.	Diario de Avisos (1888)	c. 180 ⁴⁸
M. Valladares	A Monteira (1890)	732
M. Leiras Pulpeiro	Galicia. Revista Regional (1892)	c. 200

3. Concepto de refrán para Valladares

Valladares non chega a formular ningunha definición de como el concibe o refrán. Todo o máis límitase a encabezar a súa primeira colección contida no seu *Cantigueiro popular* (1867) –e logo tamén a publicada en *Galicia. Revista Regional*, aquí en castelán– cunha cita de Monlau que reza: “Os refráns son a filosofía do bo sentido”, na que se salienta o carácter xuízoso e sentencioso da paremia. Nin “refrán” nin “proverbio”, as palabras que máis frecuentemente encabezan este tipo de repertorios, aparecen incluídos no seu *Diccionario gallego-castellano* (1884). Non obstante, o concepto que Valladares tiña de “refrán” non había discrepar moito da definición que ofrecía o *Diccionario de la lengua castellana* (1780) da RAE, no que se destaca a súa transmisión oral-popular e o carácter enxeñoso, xuízoso e moralizante⁴⁹: “El dicho agudo y sentencioso, que viene de unos a outros, y sirve para moralizar lo que se dice, ó escribe. *Proverbium, adagium.*”; nin do ofrecido por Saco Arce na súa *Gramática gallega* (1868: 265), onde afirmaba que eran “las expresiones en que más vivamente se refleja el genio é índole de la lengua”, recalando o seu carácter condensado e breve como “resumen mas exacto y conciso del saber popular”.

47 Unha completa bibliografía paremiolóxica galega atópase en Ferro Ruibal e Vidal Castiñeiras (2002).

48 Para o número de refráns da colección inédita de Pérez Ballesteros, seguimos as informacións contidas na entrada deste autor na *Gran enciclopedia gallega*. Para o relato dos refráns de R. C. no *Diario de Avisos*, baseámonos nas veces que o cita Vázquez Saco (2003).

49 Tampouco REFRÁN figura nos dicionarios galegos publicados antes có de Valladares. O primeiro dicionario que recolle o termo como entrada é, xa no século XX, o de Carré (“REFRÁN, s.m. Refrán, proverbio, adagio”) e o primeiro en que aparece unha definición é no dicionario enciclopédico de Eladio Rodríguez (“REFRÁN: *sm* Dicho agudo y sentencioso de uso común”).

Canto á denominación, de facermos caso do título con que Valladares comeza as súas compilacións, agrupa nun mesmo apartado *refráns*, *proverbios* e *dicires*, como termos sinónimos, ou polo menos próximos en significado e de difícil separación⁵⁰. Pero se non establece diferenzas entre eles, si o fai entre estes e os “modismos”. De feito, nos seus *Elementos de gramática gallega* (1892: 118-123) recólleos en cadansúa lista e agrúpaos en apartados diferentes. Confrontando os catro primeiros enunciados de cada apartado de “Modismos” e “Refranes y dicires” podemos establecer algunhas diferenzas entre deles:

Táboa 2: “Modismos” e “refráns” nos Elementos de gramática gallega (1892)

<i>Modismos</i>	<i>Refráns</i>
Algo, algo.	A cocha co-as suas serdas vai pra o cubil.
Á boa parte te vas curar.	Aire de Calde, nin de balde.
Bótall’un galgo.	Aire de Lugo, auga no puño.
Cada cousa pra o que é.	Ama de crego, mula de deño.

Nos “modismos” parece incluír tanto locucións (o primeiro caso) como frases feitas (as restantes)⁵¹. Nos “refráns” destacan os trazos do seu carácter sentencioso e a súa estrutura bimembre⁵².

Xa antes, no *Diccionario* (1884), Valladares tamén se encargara de distinguir tipograficamente entrambos os grupos. Por unha banda, os refráns, proverbios e dicires aparecen co mesmo tipo de letra e tamaño cás cantigas e citas de autor que acompañan as definicións e, coma estes, inclúense á parte da definición. Isto é, ós refráns parece darlles entidade de texto, con autonomía semántica, de lingua literaria e de carácter fixo. Pola súa parte, os modismos, locucións ou frases feitas aparecen inseridas dentro da definición, co mesmo tipo de letra e tamaño ca esta, aínda que en caracteres de cursiva. Semella consideralos como lingua común, coloquial. Sitúaos ó mesmo nivel dos “exemplos de uso” que aclaran o significado ou uso da palabra definida. Non posúen carácter fixo, xa que poden ofrecer variacións morfolóxicas. Pode verse na entrada CHEIRÁR do seu *Diccionario* o diferente tratamento dispensado a cada un deles:

50 Con respecto a estas denominacións, Corpas Pastor (1997: 147-151) indica que estas unidades recibiron multitude de nomes: “*refrán*, *proverbio*, *dicho*, *máxima*, *adagio*, *aforismo*, *apoteigma* o *sentencia*”, pero malia os esforzos por separar uns termos doutros, o normal é que se empreguen como sinónimos. En termos parecidos se expresa Casares (1950: 197), un dos autores que modernamente máis se esforzou por distinguir as diferentes denominacións, cando comenta que todas as obras de paremioloxía, sexan antigas coma modernas, ofrecen un revolto de refráns, frases proverbiais e simples locucións.

51 As locucións cumpren unha función gramatical e son substituíbles por unha palabra simple da clase dun adverbio ou outra ‘partícula’. As frases feitas exercen unha función léxica e poden ser reducidas a un verbo simple (vid. Conca 1987: 58-63).

52 O refrán para Casares (1950: 192) é “frase completa e independente, que en sentido directo o alegórico, y por lo general en forma sentenciosa y elíptica, expresa un pensamiento –hecho de experiencia, enseñanza, admonición, etc. –, a manera de juicio, en el que se relacionan por lo menos dos ideas”. Como consecuencia establece que a forma usual do refrán é bimembre, ou, por amplificación dos conceptos, plurimembre. Corpas (1997: 148), pola súa banda, define o refrán como a paremia por excelencia, no que se dan estas cinco características definitorias: “lexicalización, autonomía sintáctica y textual, valor de verdad general y carácter anónimo”.

CHEIRÁR. Oler = Olfatear. *Cheirar o cobre*.
Ser mui cara, ó costar mucho una cosa.
“¡Moza pobre ben vestida! Mal me cheira a chamusquina”.

O modismo aparece en cursiva (*Cheirar o cobre*) e o refrán figura á parte e con outro tipo e tamaño de letra (“¡Moza pobre ben vestida! Mal me cheira a chamusquina”).

Non é a nosa intención discutir aquí cales ítems da súa colección cumpren os requisitos ou non de seren “refráns” “proverbios” “adagios”... segundo as definicións achegadas máis arriba por Casares ou Corpas Pastor. Utilizaremos o termo “refrán” nun sentido amplo, porque así o fixo tamén o seu colector.

4. *Compilación do refraneiro de Valladares*

Marcial Valladares logrou conformar unha colección de case un milleiro de refráns. As súas primeiras transcricións datan de finais da década de 1860, ó tempo que tamén transcribe as cantigas. Así, un grupo de 116 refráns baixo o título de “Refráns” atopámolo inserto na “Segunda parte” do seu *Cantigueiro popular* (1867), entremediando unhas “Traducións polo autor” e uns “Acertixos” (Valladares 2003: 188-191). Este pequeno mangado de paremias veríase arreventado uns anos máis tarde con 426 ítems máis, que figuran transcritos nas páxinas do seu *Apéndice ó Cantigueiro popular*, datado de 1879, trala “Conversación entre os arrieiros...” e antes dos “Acertixos” baixo o epígrafe “Refráns, proverbios e decires” (Valladares 2003: 307-321). E aínda contra o final desta parte volveu anotar outras 114 paremias tituladas “Novos refráns, proverbios e decires” (2003: 379-384), que polo lugar en que figuran no manuscrito deben datar de 1883⁵³. En total, as paremias contidas no *Cantigueiro* e *Apéndice* suman 657 ítems.

Unha boa parte dos refráns do *Cantigueiro* valéronlle a Valladares como exemplos para ilustrar as palabras definidas do seu *Diccionario gallego-castellano* (1884). Neste caso, Valladares concibe o refrán como auxiliar da lexicografía: isto é, sérvese dos refráns, e tamén das cantigas populares, como autoridade lingüística, porque considera que acreditan o uso auténtico do idioma pola súa antigüidade e polo xeral coñecemento entre a comunidade. Neste senso, opera igual que fixeran os ilustrados Sarmiento e Sobreira no século precedente, para os cales os textos da literatura popular eran paradigma do idioma. Por outra banda, con esa inclusión no seu *Diccionario*, Valladares non fai senón continuar tamén unha tradición hispánica inaugurada pola Real Academia Española (da que el era Correspondente) no seu *Diccionario de Autoridades* (1726-1739), que acollera e explicara multitude de refráns; e seguida logo nas diversas edicións do *Diccionario* común desde 1780 ata a décimo oitava, a de 1956, que é a derradeira que contén refráns.

En total, Valladares incluíu no seu *Diccionario* 460 refráns en tipografía diferente da explicación da entrada e en parágrafo á parte. Logo dos cotexos e recontos, podemos afirmar que 1/3 deles son novos, é dicir non figuran nas coleccións do *Cantigueiro*. A distribución dos refráns ó longo do dicionario é proporcionada. Vén aparecendo unha media dun refrán

⁵³ Malia o seu título, no manuscrito do *Cantigueiro popular* (1867) e mais no *Apéndice* (1879) Valladares anotou, a maiores de cantigas, outros materiais populares coma refráns, romances, adiviñas, poesías populares, contos, xogos de prendas, trabalinguas, meiguerías..., poesías da súa autoría e mesmo traducións feitas por el. Este manuscrito foi editado en 2003 por Luna Sanmartín.

cada 25 palabras. Canto ó tipo de palabras que sancionan, tomando de mostra as entradas do “C”, das 62 palabras, as paremias exemplifican maioritariamente substantivos, deles 3 son nomes propios (CANDELORIA (2), e CREMENTE), só 5 verbos (CAMPAR, CAPAR, COLLEITAR, CONSELLAR, CUSPIR), 2 adverbios (CANDO, CEDO), 2 determinantes (CADA, CANTO) e 1 pronome (CONOSCO). A ortografía empregada na transcripción é a utilizada por Valladares ó longo do dicionario.

E outro dato aínda podemos achegar. Malia que era coñecedor das coleccións de Murguía (1865) e Saco Arce (1868), Valladares non tomaría ningún deles, do que inferimos que estamos ante unha colección transcrita directamente da boca dos seus paisanos da Ulla. A non coincidencia entre os 581 refráns da colección de Saco Arce e os 460 de Valladares do *Diccionario* tamén se demostra cos números: segundo o noso cotexo, só 33 refráns coinciden totalmente, e outros 19 coinciden se ben con variantes.

Este feito foi resaltado por Valladares cando publicou en seis entregas a súa colección na revista coruñesa *Galicia. Revista Regional* (1887, nºs 4, 5, 9 e 10; 1888, nº 3) co título de *Refranes, proverbios y decires gallegos, recogidos por el que firma y no contenidos en la Gramática del Señor Saco-Arce*. Se no seu *Diccionario* a Valladares lle interesaba o refrán como exemplo de bo uso da lingua, nesta publicación rexionalista interésalle destacar o contido do refrán, o pensamento simbólico que informa da nosa concepción do mundo como galegos que somos e, así, fai encabezar a colección coa cita de Monlau que xa comentamos. A colección consta de 671 refráns, máis outros 23 nun apéndice final: en total 694. Deles, a metade (333) apareceran insertos no *Diccionario*, e outros 274 estaban anotados no *Cantigueiro popular* (pero non no *Diccionario*). Os refráns aparecen listados por orde alfabética.

Parte da colección aparecida na revista *Galicia*, en concreto os comprendidos entre as letras “A” e “E”, volveron ser reproducidos a finais 1887 nas páxinas do ourensán *O Tío Marcos d’a Portela* (parrafeos 205, 206, 207), ben que, como era habitual no semanario dirixido por Lamas Carvajal, non se respectou o texto orixinario, senón que se modificou a súa grafía e tamén se traduciu o seu título: *Refrás, proverbios e decires gallegos recollidos pol-o que firma e non contidos n-a Gramáteca do señor Saco e Arce*.

En 1890 a mesma colección da *Galicia* volveu ser reproducida en seis entregas nas páxinas doutro semanario rexionalista, o lugués *A Monteira* (1890, nºs 60-65), que dirixía Amador Montenegro. A revista, publicada integramente en galego, prestaba certa importancia ás compilacións de literatura oral. Con anterioridade ó refraneiro de Valladares, publicáranse tamén os refráns de Saco Arce e a publicación aínda tiña intención de continuar logo con outras coleccións que os propios redactores tiñan xa dispostas. A reprodución dos refráns de Valladares fíxose a partir da colección da revista *Galicia*. Así e todo, *A Monteira* debeu contar co consentimento do colector para a súa reprodución, posto que ó final do repertorio incluíu un novo apéndice de 38 refráns (“Apéndice II. Refrás non publicados hastr’o d’agora (inéditos)”). En total son 732 refráns, ordenados alfabeticamente, dos que só os 38 deste apéndice son novidosos. As diverxencias entre as versións de refráns da revista coruñesa e a luguesa son mínimas e refírense só a algunhas cuestións gráficas de puntuación e acentuación, que mesmo poden ser atribuíbles a erros de composición na imprenta. A distribución que se observa no uso das grafías <g, j, x> é a etimolóxica, a mesma cá seguida na *Galicia. Revista Regional* e, xa que logo, non a habitual en Valladares (para este uso propuña seguir a grafía do parónimo castelán). O repertorio publicouse co título en galego de *Refrás, proverbios e dicires gallegos recollidos pol-o que firma, e non contidos n-a Gramáteca do señor Saco y Arce*; non sabemos se por decisión do editor da revista ou de Valladares, se ben a grafización

das contraccións no propio título (*n-a, pol-o* fronte á habitual *n'a, po-l-o* de Valladares) e a popularización dalgúns termos (*Gramáteca, señor*) condúcennos a pensar que esta decisión foi tomada pola revista.

En 1892 Valladares deu cabo ós seus *Elementos de gramática gallega* e seguindo os pasos doutros autores gramaticais precedentes, Mirás (1864), Saco (1868) e Cuveiro (1868), incluíu contra o final do tratado varios apéndices e coleccións de materiais lingüísticos diversos, non estritamente gramaticais. Un deses apartados titulouno “Refranes y decires que suponemos no publicados todavía” (Valladares 1970: 121-124). Nel lista 80 novas paremias, ordenadas tamén alfabeticamente (ben que dous foran incluídos xa n’*A Monteira*). Finalmente, Valladares volveu inserir refráns para exemplificar o uso das palabras nas contiguas adicións ou novos suplementos á edición de 1884 do seu *Diccionario gallego-castellano*. En total incluíu 31 refráns, dos que 19 son novos; os restantes 12 xa apareceran en coleccións anteriores.

Na seguinte táboa recolleemos as distintas fontes onde se poden atopar os refráns que conforman o refraneiro total de Valladares:

Táboa 3: Fontes do refraneiro de Valladares

<i>Localización</i>	<i>Total de refráns</i>	<i>Non contidos en coleccións anteriores</i>
Cantigueiro popular (1868)	114	100%
Apéndice ó Cantigueiro (1879)	540	100%
Diccionario (1884)	460	30%
Galicia. Revista Regional (1898)	694	16%
A Monteira (1890)	732	5%
Elementos de gramática gallega (1892)	80	2.5%
Nuevo suplemento al Diccionario... (1896)	31	40%
Total de refráns sen repetir	957	

4. Os motivos dos refráns

Tradicionalmente os refráns foron vistos como fórmulas condensadas de sabedoría popular; lémbrese a cita de Monlau que precedía ás coleccións de Valladares. E así os considerou tamén Saco Arce (1987: 303-305), como o gran tesouro da filosofía popular. Subliñaba o catedrático ourensán que “en los proverbios suelen reflejarse el carácter, la índole, y las costumbres del pueblo que los usa” e continuaba dicindo que moitos son comúns a varias nacións, con pequenas modificacións, pois “el hombre es el mismo en todas partes”. Así e todo, concluía Saco que nos nosos refráns, aínda prescindindo do diverso selo que cada pobo imprime á expresión dun mesmo pensamento, “muchos pintan admirablemente el carácter del pueblo gallego, prudente, laborioso, sufrido, suspicaz a veces, frugal hasta el extremo”. Pola súa parte, Conca (1987: 53) sinala que os refráns teñen como base a experiencia diaria concretada na realidade vivida por cada pobo ou cultura,

que foi impregnando o seu compendio paremiolóxico daquelas temáticas que lle axudaban a resolver situacións vividas pola experiencia colectiva e que lle proporcionan un modelo de coñecemento.

O case milleiro de refráns colectado por Valladares son boa proba disto. Abonda con lles botar unha ollada ós 25 substantivos que máis veces se repiten no refraneiro (exceptuamos as partículas e determinantes), para decatármonos de que son precisamente os elementos de carácter popular que xiran arredor da aldea e o seu hábitat os motores destes proverbios. Esas palabras son, por orde de frecuencia, *home, muller, pan, Dios, casa, ano, viño, besta, auga, xaneiro, vida, tempo, filla, Xan, fame, diñeiro, traballo, monte, maio, galiña, carro, dono, carne, marzo e can*.

Como se deixa ver, os substantivos refírense ás necesidades básicas dunha comunidade rural: a vivenda (*casa*), a alimentación e sustento (*pan, auga, viño, fame, carne, diñeiro*), o tempo (*tempo, xaneiro, maio, marzo*), os animais domésticos (*besta, can, galiña*), o traballo e instrumentos (*traballo, carro*), a relixión (*Dios*), a propiedade (*dono*), os designativos da especie ou familia (*home e muller, filla, Xan*) e os relativos ó corpo (*man*). Vexamos algúns exemplos de refráns colectados por Valladares, agrupados polos motivos que os orixinaron.

O trasfego dos **labores agrícolas** (*labrar, sementar, estercar*) está moi representado no refraneiro. Poden servir de mostra as seguintes paremias referidas ó traballo do labrego, nos que se mesturan tamén referencias a unha das súas maiores preocupacións: o **tempo meteorolóxico e cronolóxico**⁵⁴.

Cand'a ruliña rular, colle o foliño e vai sementar⁵⁵.
 Esterca e non poñas marcos.
 Horta d'outono, mantén á seu dono.
 Labra feita, bois ó monte.
 O que sementa colle.
 O que sementa sin semente, sega sin fouciño.
 Poda en Marzo, vendima no regazo.
 "Pódeme quen sepa e áteme calquera", dixo a viña ó labrador.
 S'a noite de Navidá foi d'escuro, sementa no terrón duro.
 Sementeira na semana de San Román nin palla nin gran; na de Santa Baia, gran e máis palla.
 Cando chove e fai luna, anda o demo na Coruña.
 Cando o sábado chove e o domingo ante misa, pola semana adiante verás que risa.
 Na casa do cura, cando non chove, barruza.
 Nunca chove como trona
 Se sábado chove e domingo ante Misa, pola semana adiante verás que risa.

Entre os elementos auxiliares do labrego, o que máis frecuentemente aparece é o *carro*, que dá lugar tamén a un refraneiro variado:

A muller e o home honrado, polo camiño do carro.
 Carro derradeiro, ben cargado, ben baldeiro.
 Chuvia d'abril, enche o carro e o carril.
 Onde cabe un carro cargado, ben cabe un home á seu cabo.

⁵⁴ O tempo meteorolóxico nalgúns refráns e coplas recollidas por Valladares foi estudado por Barreiros, Tabeada e Neira (2009).

⁵⁵ Tomo os exemplos da nosa edición dos refráns (Fernández Salgado 2003).

Quen vai en carro, nin vai a pé, nin a cabalo.
Millo raro éncheo o carro.
O millo mecho, nin carro, nin cesto.
O castiñeiro na man ó burato e o carballo, no carro.
O que non ten carro nin bois, anda antes ou despois.

Das estacións a que máis aparece é o *inverno*; menos o *verán* e o *outono*. Pola súa banda, á *primavera* faise referencia a través do mes de *maio*:

Auga d'outono mata a seu dono.
Catro meses de vran e oito d'inverno.
D'inverno, ferreiro e, de vran, taberneiro.
Froles en outono, fanse en ano novo.
Horta d'outono, mantén a seu dono.
Lava ben e torce mal, polo vran.
Lava mal e torce ben, polo inverno.
Maio chuvioso, vran caloroso.
Nin polo inverno déixe-la capa, nin polo vrau a alparagata.
O inverno come e non cría.
Ó que de vran non lle ferve a mola, d'inverno non lle ferve a ola.
Pola Candeloria mitá do inverno fora.
Unha anduriña non fai vrau.

Respecto á **medida do tempo**, o mes que máis veces aparece é *xaneiro*, despois *maio* e *marzo*. Poñemos exemplos de cada un:

Cando as rans cantan en xaneiro, señal de fame en todo o eido.
Cantos días pasen de xaneiro, tantos allos perde o alleiro .
Poda en xaneiro, vendima no sombreiro.
En xaneiro verza vella val carneiro.
En maio inda a vella queima o tallo.
En maio, millo sementado, cal enxoiro, cal mollado.
O qu'en maio se molla en maio s' enxuga.
Chuvia en marzo, nin o mexo dun rato.
Entre marzo e abril, o Cuco, ou a fin.
¿Prond'andache, qu'en marzo non blanqueache?

Tamén é frecuente que as referencias temporais se fagan referíndose ás **festividades relixiosas** (xa apareceron antes algunhas) ou pagás. O *San Xoán* e a *Santa Mariña* son as que máis veces se repiten:

Chuvia en San Xuan, tolle viño e non dá pan.
En San Xoán xa a sardiña molla o pan.
Pola Santa Mariña deixa a sacha e colle a fouciña.
De San Pedro á San Miguel, nin rosario, nin muller.
O entroido, coas súas artes, botou a San Matías fora do martes.
O millo polo San Marco nin nado, nin no saco.
O qu'en agosto e setembro non dá cebada, en San Xuan non fai xornada.
Pola Candelaria casans'os paxariños e vais'a Galiñola.
Polo San Antón, toda galiña pon, pola Candelaria, a boa e a mala.
Polo San Estevo rapa o becerro.

Polo San Pedro burro quedo.
¿Pronde fuche, prond'andache, qu'ás tres misas de Nadal non chegache?

Amais destas referencias relixiosas ós santos, a **relixión** ten unha presenza bastante elevada no refraneiro, sobre todo a través da presenza de *Deus* e o *demo*, do *ceo* e o *inferno* e mais dos *cregos*. Da *igreja* só aparece un refrán. *Deus* é o motivo de máis refráns, sempre referido na forma castelá:

Cada un pra si e Dios pra todos.
Cando Dios non quere, os santos n'axudan.
Cando Dios quer dar anada, n'a leva vento nin xiada.
Do qu' é tonto e non sabe teña Dios piedade.
Dios apreta, pro non afoga.
Dios sobre todo e sobre Dios nada.
Cásate, Xan, que Dios dará pan e, despois de casado, leve o demo que nin un bocado.
Facenda de crego dáa Dios e lévaa o demo.
O qu' está de Dios, n'o leva o demo.
Ou a Dios ou demo, ninguén deixa de servir, sint'os que sirven a entrambos.

Os dous últimos refráns anteriores están artellados na disxunción entre *Dios* e o *demo*. Nos seguintes só aparece o *demo* que dá tamén lugar a unha variada gama de paremias:

Ben sabe o demo a quen atenta e a besta a quen derruba.
Cando chove e fai luna, anda o demo na Coruña.
Da rapa á rebola veña o demo e escolla.
Grande é o demo e n'hai quen o queira.
Lume xunt'á estopa, vén o demo e sopra.
O demo pr'as facer, por unha manta, e pr'as descubrir, toca unha gaita.
Ovella melende, melenta ou menga, o demo a trasquila.

Pola súa parte *ceo*, *inferno* e *purgatorio* son motivo dos seguintes:

Máis vale entrar pobre no ceo que rico no inferno.
O Ribeiro é o inferno das bestas, e o purgatorio dos cans.
Santos, ó ceo.

Os *cregos* adoitan aparecer sobre todo para criticalos:

Herdeiro de crego, libertino cego.
Ond'hai crego, ou albarda, sempre hai hora millorada.
Unhas e outras botan ó crego de poutas.
O crego e mailo zorro, se perden a mañán perden o día todo.

Non están exentos tampouco de certa crítica outros membros da **sociedade** coma os *fidalgos*:

Fidalgo pobre no palleiro morre.
Entre fidalgos, roupa rachada mais ben que remendada.
Fidalgos pobres e bestas vellas acaban as nosas terras.
Nabos e fidalgos, raros.

As **primeiras necesidades** son tamén unha boa fonte do refraneiro, entre elas o relacionado coa alimentación ten moita importancia e aparecen moitas veces ligadas á fame e á pobreza. Relacionados con *comer* son paremias como:

A muller que non ten home no regazo come.
A nugalla nin come pan, nin dorme na palla, nin viste camisa lavada.
Malia ó dente que come a semente.
Muller, que co marido non come á mesa, algo pra si garda na artesa.
O qu'á cerdeira non sobe, malas zreixas come: se sobe e cai, pior lle vai.
O que come cabirto e cabra non ten d'algures lle vén.
O que do alleo come, do seu gasta.
O que na súa casa come morriña, na allea quere carneiro e galiña.
O que non se farta comendo, tampouco se farta lambendo.
O regalo do pobre é un cigarro despois que come.
Quen se laia e non come, nin sonea, logo dá os fíos á tea.
Tanto dá comer, como estar comendo.
Tendo salú e comendo ben, o traballar non mata a ninguén.
Des qu'un almorza e xanta xa n'é a fame tanta.
Almorzo cedo, cría carne e sebo.
A quen has de da-la cea non négue-la merenda.
En casa chea, logo se fai a cea.
O lume é media mantenza e, sobre cea, mantenza enteira.
O que ten avea, non pasa sin cea.

Relacionados coa *fame* directamente son:

Ano, en qu'os zreixás non dan froita, ano de fame moita .
Despois de tocar a Aleluia, o que teña fame que a sacuda.
Entr'o millo novo e o vello, fame do deño.
Fame qu'esperta fartura n'é fame.
Fampa na plaza e fame na casa.

Entre os alimentos, o *pan* aparece en 34 refráns, tanto coa acepción de alimento de sustento imprescindible para vivir como referido tamén ó cereal. Canda el tamén é moi frecuente o *viño* e mais a *carne*. Algúns exemplos son:

Cando vaias á Ferreira, leva o pan na faltriqueira e o coitelo, pra o cortar, qu'en Ferreira non cho han dar.
Cásate, Xan, que Dios dará pan e, despois de casado, leve o demo que nin un bocado.
Dáme pan e chámame can.
Madeira de serra e pan de cazola nunca sobra.
Mordedura d'alacrán, grau ó muíño e cocer pan.
O pan non ten vixilia.

O que ten fillos non lle podrece o pan.
Ó que ten pan e touciño déalle Dios moita herba entr'o millo.
Pan d'hoxe, carne d'onte e viño d'antano, manteñen o home sano.
Pan de literatura, pan de pouca fartura.
Papas e pan unha casa desfán; papas e bolo desfana de todo.

A *carne* aparece por exemplo en:

Comíchem'a carne, roém'os osos.
Na semana d'a Ascensión tres días carne e tres días non.
N'hai carne sin óso.
O que se levanta tarde, nin oi misa, nin come carne.
Para pan, carne e viño, o Carballiño.

A voz *auga* tanto pode referirse á chuva:

Auga de tronada, n'uns sitios, moita, n'outros, nada.
Cand'o Pico Sagro pon touca, auga temos pouca, ou moita.
Vaise millor, de noite ond'a auga ruxea que ond'a lus alumea.
Aire de Lugo, auga no puño.
Auga d'outono mata a seu dono.
Témperas d'arriba auga nin pingas, témperas d'abaixo chuvias ou varios.
Trono do solano, pouca auga, e se cadra, moito dano.

Coma á bebida ou ó produto de limpeza:

Á auga de correr e á xente de falar non se pode privar.
A auga todo lava, senón a mala fada.
Algo ten a auga cando a bendicen.
Auga corrente non mata a xente.
Se ques andar á carreira, bebe auga d'herba rateira.

Baséanse no *viño* os seguintes, unha veces referíndose a el como produto da terra:

Brenceallo e cañño os pais son do viño.
Coas castañas asadas e sardiñas saladas n'hai ruín viño.
Mentras auga teña o Miño, no Ribeiro non falta viño.
Se queres ter bo viño, enxerta de boa cepa.
Viño tinto, de Salón e, blanco, de Regodeirón.

Outras veces para destacar os seus efectos negativos ou positivos:

Dixo o viño: "No corpo do home son valente e voante".
O que non fuma nin bebe viño, lévao o demo por outro camiño.
O viño barato saca o carto do farrapo.
O viño con pasión tira esta do corazón.
O viño é a sangue dos vellos.
O viño fai do vello mociño.
Viño, a pasar.

Entre as comidas, a que máis veces aparece é o *caldo*.

Caldo sin grasa, pan sin tasa.
Canto máis caldo, máis sopas.
Dam'o cando quixeres e, despois do caldo non mo negues.
O caldo das paridas non fai mal ás preñadas.
O caldo, a gusto do enfermo.

Verbo dos **animais**, os que dan pé a máis refráns son entre os domésticos, en primeiro lugar a *besta* ('cabalería') e despois o *can*, a *galiña*, a *cabra*, a *ovella*, a *vaca* e o *boi*. Algúns referidos á *besta* son:

A besta golosa, taleiga d'area.
Ben sabe o demo a quen atenta e a besta a quen derruba.
Besta branca n'a come o lobo.
Besta mular, ou comer, ou andar.
Besta parada non fai xornada.
Besta que xeme á carga non teme.

Falan sobre o *can*, por exemplo:

Can que moito lambe tira sangue.
Dáme pan e chámame can.
En coxeira de can e bágoas de muller n'hai que creer.
Morto o can, morta a rabia.
O can de Xan Torrado, canto fai ca man, desfai co rabo.
Quen quere a Beltrán, quere o seu can.
Tres anos de tus-tus, tres anos de bon can e outros tres de lacazán.

Algúns referidos á *galiña* son:

A galiña polo bico pon.
Galiña que cacarexa, algo venta ou ovo deixa.
Xunt'ó galo, a galiña nova, non vella, pra que o galo estea'lerta
Ond'hai galo non canta galiña, se non que o galo teña morriña.

Tamén son frecuentes sobre a *vaca* e o *boi*:

Vaca de moitos, ben moxida e mal mantida.
Boi morto vaca é.
Moza de Deza e vaca da Ulla, de cent'unha.
O que queira te-la fortuna torta, machee a vaca e femee a porca.
Na terra allea as vacas escornan ós bois.
Cando o ano entrare en domingo, vende os boiciños e merca milliño.

Teñen como motivo a *cabra*, por exemplo:

A cabra tira ó monte.
Cabra coxa non quer sesta e, se a toma, mal lle presta.
O fillo da cabra cabirto é.

Finalmente, refírense á *ovella*:

A muller e a ovella con día na cortella.
Cando no castiñeiro vires candeia, leva o carneiro a ovella.
Ovella que bala bocado que perde.
A ovella, polo lombo, lan e, pola barriga, azafrán.

Entre os **animais bravos**, o *lobo* é o que máis veces aparece:

Palabra, díxoll'o lobo á cabra.
Toda carne come o lobo, méno-la súa que lambe.
Tanto dormir, tanto dormir, pasou o lobo sin o sentir.
Cando o lobo mata, mata pra todos.
Méntra-lo pau vai e vén, descansa o lobo.
Onde non ves lobo, cata lobo.

Canto ós **oficios e ocupacións**, os máis motivadores de refráns son os *arreeiros*, os *ferreiros*, os *carpinteiros*, os *xastres* e os *muiñeiros*, moitas veces para criticalos:

Arreeiro dunha besta, cesteiro dunha cesta e pescador de cana, máis perde do que gana.
Non se sabe de quen é a recua hasta que morre o arreeiro.
De ferreiro a ferreiro non corre diñeiro.
Machada de carpinteiro, calzón de ferreiro, e filla de taberneiro n'os queiras por ningún diñeiro.
Na casa do ferreiro de pau o coitelo.
Na casa do ferreiro non tentar e na botica non probar.
Ollo de xastre e compás de carpinteiro.
Xastre das Bañas cose de balde, e máis pon as liñas.
“Ábrete saco: unha maquía me debes e dúas ch'agarro”, dixo un muiñeiro.

Tamén aparecen as profesións “liberais” ou cargos: *comerciantes*, *escribáns*, *alguacís*, *médicos*..:

Comerciante e porco despois de morto.
Fillo de comerciante, paseante e o do paseante, confiscante.
Alguaciles e escribanos nunca de comer están fartos.
Escribanos e ameixeiras librem'os Dios das miñas leiras.
Médico vello e avogado novo.

As relacións de poder nas aldeas simbolízanse nas figuras dos *amos* e os *criados*, que deron pé a refráns como:

Ben mandado, mal mandado, fágas'o que manda o señor amo.
Criado dun día, caseiro dun ano.
Na casa do bo amo, alí morre o bo criado.
O criado mal mandado, poñe-la mesa e mandalo a algún recado.
O que paga criados e n'os vai ver venda o que ten pra os manter.
Vale máis ser arreeiro dunha besta que criado dunha recua.
Vale máis tunda de pai que cariño de amo.

Entre os **membros da familia**, son *pai*, *nai* e *fillos* os que máis veces dan lugar a refráns:

Cada probe enterra a seu pai como pode.
De boa nai busca a filla e de boa cepa pranta a vide.
Dígoch'o filla, enténdem'o nora, ou dígoch'o sogra, entendem'o nora.
Fillo fuche, pais serás, cal fixeres, toparás .
Mentras estou coa nai n'estou coa filla.
O mal do pai co fillo vai.
Os moitos fillos empobrecen ós pais.
Quen á súa filla quixer casar, dell'o cento-follas a lavar.
Quén non ten máis que unha filla non pode ter máis dun xenro.
Vale máis tunda de pai que cariño de amo.
Val mais amigo da porta que irmán de trala costa.

Referidos ó *home* e á *muller* son moi numerosos; nalgúns casos home refírese a 'ser humano'. Soamente listaremos algúns.

Animal de pico nunca ó home fixo rico.
Dixo o viño: "No corpo do home son valente e voante".
Furto xeitoso fai ó home ladrón.
Home lascivo, home perdido.
Home mullereiro, consigo acaba e co seu diñeiro.
Home pequeno, fol de veneno.
Home ruadeiro, nin boa meda, nin bo palleiro.
Home sentado, non fai mandado.
Home tramposo e muller mintireira, na casa de quen os queira.
Nin besta de solo herba, nin home de moita verba.
O boi pola corda e o home pola palabra.
O home de ben non deshonra a ninguén.
O home, onde nace e o boi, onde pace.
O qu'os vint'anos non é home, os trinta non ten forza, os corenta non é rico e os cincuenta non casou, este paxaro voou.
O que n'é home na terra, n'é home na guerra.
Onde cabe un carro cargado, ben cabe un home a seu cabo.
Pan d'hoxe, carne d'onte e viño d'antano, manteñen o home sano.
A muller e a sardiña, pequeniña.
A muller que d'alto fía, o fuso lle cai e o cu ll'asubía.
A muller sin home, no regazo come.
Cand'a xesta fai tris-tras, busca muller que a terás.
De San Pedro a San Miguel, nin rosario, nin muller.
En coxeira de can e bágoas de muller n'hai que creer.
Muller de cego que se compón moito, non se compón pra el que se compón pra outro.
Muller que fala latín e besta que fai hin, nunca terán bo fin.
Muller que moito fala, o millor desbarra.
Muller que silba e fía de pé, nunca boa é.
Non tomes por dona muller replicona.
O que queira ter a muller boa delle cervoa.
Para muller parida e tea urdida nunca faltou remedio.

Entre os lugares de **habitación**, a *casa*, ben como ‘local’ ben como ‘familia’ é motivo tamén de abundantes refráns. É moi reiterativa a fórmula *Na casa de...*:

Casa grande, pouca limosna.
Contas da casa non din coas da plaza.
Día d’antroido e día de Páscoa cada larpeiro na súa casa.
En casa chea, logo se fai a cea.
Faill’a casa ó vinculeiro onde non dea o sol en xaneiro.
Festa dun día n’acaba unha casa e, s’é de máis, acabaraa, quezais.
Fun a casa allea e avergonceime.
Na casa do bo amo, alí morre o bo criado.
Na casa do ferreiro de pau o coitelo.
Na casa do ferreiro non tentar e na botica non probar.
Na casa do rico que fai mala vida, puntada larga e, acabar axiña; na casa do pobre que dá do que ten, puntada corta e asegurar ben.
Na casa do cura, cando non chove, barruza.
Na casa de Miguel a muller é el.
Nunca faltou casa pró vivo, nin sepultura pra morto.

O **nome propio de persoa** que ten un refraneiro máis amplo é sen dúbida *Xan*, que funciona xa como nome común. Outros que aparecen son *Miguel*, *Andrés*, *Cristovo*, *María*, *Inés*... A aparición dun ou outro así como o sobrenome que o acompaña veñen determinados a maioría das veces por necesidades da rima:

Camisa fora, Xan da Biola, camisa dentro, Xan do Convento.
Cásate, Xan, que Dios dará pan e, despois de casado, leve o demo que nin un bocado.
Fágas’o ben e fágao Xan, ou Miguel.
Xan da guedella moito madruga e tarde aparella.
Moza qu’á moitos fai cara, dígoche Xan qu’é unha maula.
O can de Xan Torrado, canto fai ca man, desfai co rabo.
O que paga a Xan e debe a Andrés, ten que pagar outra ves.
Na casa de Miguel a muller é el.
Casou Inés co vello Cristovo, por s’este caldeiro daba pra un novo.
Sábado á noite María toma a roca.

Canto ás **referencias topográficas**, os lugares máis mencionados no refraneiro de Valladares son da terra da Ulla ou arredores: Ulla, Pico Sagro, Lestedo, Deza, Bendoiro..., como non podía ser doutro xeito:

Cand’o Pico Sagro pon touca, auga temos pouca, ou moita.
Malla sin medo, s’o capelo do Pico vai para Lestedo.
Moza de Deza e vaca da Ulla, de cent’unha.
“O que sea meu amigo verdadeiro, véñam’a ver o vinte de xaneiro”, dixo o santo de Pico Sagro.
Vacas da Ulla e muller de Bendoiro n’as metas na casa, que ch’é un agoiro.
En Deza, nin boa besta nin boa peza.
Se vas pra Deza, que o pan non ch’esqueza, e se vas pra Camba, lévao na manga.

Outros lugares de fóra da bisbarra son Lemos, o Ribeiro, o Carballiño, Lugo...

Casamos unha filla en Lemos.
Para pan, carne e viño, o Carballiño.
Mentras auga teña o Miño, no Ribeiro non falta viño.
O Ribeiro é o inferno das bestas, e o purgatorio dos cans.
Aire de Lugo, auga no puño.
O qu' é burro, tan burro é aquí, coma en Lugo.
En Lugo, nin boa besta nin bo burro.

5. Forma e estrutura sintáctica dos refráns

Os especialistas destacan como características do refrán o ser un texto breve, sentencioso, de estrutura bimembre e adoito con rima ou aliteracións, ou algún artificio semellante. Desde o punto de vista fónico, os refráns sérvense dos mesmos recursos formais có xénero poético, coma o ritmo, o metro, a rima, os paralelismos, as repeticións de estruturas..., o que achega a paremia ó poema. Estes artificios fónicos gardan relación con dúas funcións propias do refrán: a lúdica –expresión chea de agudeza e enxeño– e a poética –o que leva á discusión de se se trata ou non de literatura⁵⁶–. Pero, sobre todo, perseguen unha función puramente mnemotécnica, isto é, que o refrán sexa facilmente recordable na transmisión oral e asegurar así a súa perdurabilidade. Como afirma Lázaro Carreter (1980: 224) os refráns “conspiran a ‘extrañar’ el mensaje en la memoria y acuñarlo”, de aí que os tratadistas clásicos sentisen que esa era a misión fundamental da súa breve extensión e das súas peculiaridades lingüísticas. Repárese ademais en que a palabra *refrán* está relacionada etimoloxicamente co lat. *REFERO* ‘facer referencia á memoria’.

Analizaremos algúns destes trazos fónicos e veremos de que xeito se manifestan no refraneiro de Valladares. Para iso imos tomar como *corpus* unha pequena mostra que nos poida servir de índice para o resto do refraneiro. Concretamente colleremos os refráns empregados na letra “C” do *Diccionario gallego-castellano*, que contén 61 refráns, que non sendo unha cantidade excesiva, o 7% do total, ten a vantaxe de que prescindimos da orde alfabética.

En primeiro lugar, cómpre dicir que desde o punto de vista pragmático, o refrán destaca por posuír unha entoación independente con respecto ó texto en que se integra. A súa estrutura rítmica máis habitual é a *binaria*, isto é con dous grupos fónicos, que adoitan ir separados polo eixe do refrán, sinalado entoativamente cunha anticadencia. Hai con todo algúns refráns unimembres, outros con estruturas de tres membros e mesmo de catro. No corpus que analizamos, dos 61 refráns, o 3% presentan unha estrutura unimembre (2

56 Saco Arce (1987:303), no prólogo antes citado, indica que os refráns: “no son solamente ciencia, son también poesía, ya por la forma rítmica de que en su mayor número van adornados, ya por las brillantes y originales imágenes con que generalmente engalanan el concepto sentencioso que encierran”. Peira (1983: 485) sinala que os defensores do refrán dentro do ámbito da literatura, como Frenk Alatorre, baséanse principalmente en que durante a Idade Media e nos séculos posteriores hai abondosas probas de proverbios convertidos en cantares e anacos de cántigas que quedaron como refráns. Pola súa parte, Peira propón a Lázaro Carreter (1979) como expoñente da idea de que aínda que o refrán e as obras literarias compartan artificios, iso é porque ambos son mensaxes da linguaxe literal; pero sepáranse en que a obra literaria ten afán de orixinalidade e produce emoción estética en quen a le, en tanto que o refrán non.

refráns), o 78% son de estrutura bimembre (48 refráns), o 11% de estrutura trimembre (7 refráns), e outro 6% (4 casos) poderían ser considerados de catro membros⁵⁷. Un exemplo de cada sería:

Unimembre: Pouco aceite dan por un CARTO.⁵⁸

Bimembre: Trigo que n'has de COLLEITAR, / deixa de o visitar.

Trimembre: O CAN de Xan Torrado, / canto fai ca man, / desfai co rabo.

Tetramembre: Pola CANDELORIA / mitá do inverno fora; / se chove, ou venta, /
inda entra.

Algúns estudosos como Canellada (1983: 126) indica que os refráns de tres períodos son variantes dos bimembres, xa que poderían agruparse en dous segundo a rima. Coma tal, o anterior formaría un esquema 1-2 (“O CAN de Xan Torrado, // canto fai c’a man, / desfai c’o rabo”) e o seguinte de 2-1, “O CREGO, / onde canta, // alí xanta”.

Do mesmo xeito poderíamos operar cos refráns de catro grupos fónicos; todos se poden reducir a esquemas binarios do tipo 2-2⁵⁹, neste caso a súa separación viría marcada por unha entoación en cadencia no eixe:

Pola CANDELORIA / mitá do inverno fora; // se chove, ou venta, / inda entra.

A estrutura bimembre é, pois, a base sobre a que se constrúe o edificio gramatical e semántico do refrán, e constitúen o fundamento sobre o que se estea a súa supervivencia (Peira 1988: 483). Este feito achega o refrán á poesía, pois, aínda que a disposición tipográfica normal nos refráns sexa horizontal, cómpre non esquecer a súa estrutura rítmica moi marcada. Os acentos distribúense máis ou menos equitativamente en anacos de discurso máis ou menos iguais, que conduce á súa mecanización e favorece a memorización. Obsérvase no seguinte refrán a disposición dos acentos en cada hemistiquio (sinalámoslos en subliñado), no principio e final de cada un:

Trigo que n'has de COLLEITAR, deixa de o visitar.

Axuda á súa memorización o feito de que en moitos casos os dous hemistiquios rimen. Non é obrigada, pero nunha gran maioría dáse rima⁶⁰. Dos refráns analizados da letra C, o 65% dos refráns (40 dos 61 refráns) presenta rima entre os dous membros; esa rima é maiormente perfecta: o 70% dos casos, fronte á imperfecta, o 30%:

Os CARTOS collens'unha vez / e antes cóntanse tres.

CALDO sin grasa, pan sin tasa.

CASAMENTOS por amores, acaban en dolores.

⁵⁷ Estes datos non difiren dos amosados por Peira (1983: 483) para os refráns do español: 85.4% estrutura binaria e 9.6% ternaria.

⁵⁸ Nos refráns, transcribimos en letra versal (carto) a palabra de entrada no *Diccionario* (1884) que o refrán exemplifica.

⁵⁹ Canellada (1983: 126) elimínalos e establece o número máximo de períodos en tres.

⁶⁰ Nos que non se dá rima: “O fillo da cabra cabirto é”, “Cada un para si, vale por dous”, “Mentras capo, n’asubío”... é ora a medida dos versos ora a distribución dos acentos, ora a estrutura entoativa de separación de hemistiquios a que lle imprime ritmo á paremia.

Mesmo nos refráns de catro grupos fónicos danse variantes sobre a estrutura binaria, de xeito que se produce rima interna entre cada un dos membros coma se fosen dous pareados;⁶¹ coma tal no seguinte en *-ardo, -ardo* (1º membro) e *-iño, -iño* (2º membro):

Terra que dá o CARDO, / para min o gardo; // queda o espiño, / para meu veciño.

De máis complexidade aínda é o seguinte, co xogo de rimas en *-ón* e *-ádas*, “Por Páscoa de Resurreucion, tres COUSAS non ten sazón: sardiñas saladas, castañas asadas e predicacion”, que o poderíamos converter nunha composición de cinco versos:

Por Páscoa de Resurreución,	---'-----'	8 sílabas
tres COUSAS non ten sazón:	---'-----'	7+1 sílabas
sardiñas saladas,	---'-----'	6 sílabas
castañas asadas	---'-----'	6 sílabas
e predicación.	-----'	5+1 sílabas

Como se pode comprobar, o ritmo do refrán non só vén marcado pola disposición dos acentos e máis a rima, senón tamén pola igual medida en sílabas dos dous primeiros e tres seguintes: 8/8//6/6/6. Así e todo, o isosilabismo perfecto dos hemistiquios non é obrigatorio, abonda con que sexa un número de sílabas próximo. Nos refráns da letra C, o 40% deles teñen a mesma medida nos hemistiquios:

Por CAMPAR, rabiarse (3/3)
 Mentras CAPO, n'asubío (4/4)
 Criado dun día, CASEIRO dun ano (6/6)
 Os CARTOS collens'unha vez e antes cóntanse tres (8/8)

No 60% restante prodúcense irregulares métricas, aínda que estas adoitan ser moi pequenas. En todo caso, o número de sílabas acostuma ser menor no último grupo fónico; nese caso son a rima e a distribución dos acentos os que marcan o ritmo:

CALDO sin grasa, pan sin tasa. (5/4)
 CASAMENTOS con foguetes, acaban con cachetes. (8/7)
 Canto máis CALDO, máis sopas. (5/3)
 Canto menos vulto, máis CLARIDÁ. (6/5)

A medida silábica lévanos a abordar outro trazo do refrán: a brevidade. Os refráns son polo xeral curtos, xa que así é máis doada a súa memorización e, desde o punto de vista pragmático, é tamén máis eficaz a súa inserción no discurso. Nos refráns de estrutura binaria da letra “C” analizados, o 93% dos hemistiquios oscilan entre 4 e 8 sílabas. Deles, o 30% son de seis sílabas, o 23% de oito, o 17.5% de catro, o 12% de cinco e o 11% de sete sílabas.

Por outra banda, a brevidade do refrán como texto autónomo de sentido completo tamén se evidencia se medimos o seu número de palabras. Tendo en conta os 957 refráns da colección e a cantidade de palabras, dános unha media de 13 palabras por refrán. Se

61 Saco (1987:304) no texto prólogo “Dos palabras al lector”, sinala a necesidade de facer notar a afinidade entre os proverbios e as coplas populares. “Hay refranes que parecen coplas y coplas que parecen refranes”, afirma Saco, e continúa dicindo, que hai moitos cantares que derivaron en refráns, e dá varios exemplos. Os casos de refráns de catro grupos fónicos antes mencionados estarían próximos a estes casos.

contrastamos este dato co número palabras por *oración* (isto é, unidade de sentido completo delimitada de punto a punto na escrita) noutras modalidades textuais, observamos que o refrán resulta máis curto ca oración da lingua literaria (17 p/or), xornalística (23 p/or) e xurídica (55 p/or)⁶²; pola contra, é da mesma extensión cá oración dun conto popular (13 p/or).

A brevidade e a condensación de información no refrán, así como o seu carácter de sentenza intemporal e de xeneralización obsérvase nalgúns trazos morfosintácticos característicos das paremias. Abofé, nos refráns que vimos analizando da letra “C” localizamos 125 substantivos, deles o 65% (68 casos) aparecen usados sen artigo e, como queira que a función básica do determinante é actualizar o substantivo, dotalo de referencia, definilo, individualizalo e presentalo como coñecido, a súa ausencia leva a unha interpretación máis xeral: o concepto por el referido terá unha maior extensión ou designación⁶³. Daquela, o refrán vale para un maior número de situacións:

Ond’hai CEPOS, logo se fan achas.
 Vale máis ter libros de CONTA, que conta de libros.
 Onde non vexas CORPO, non botes carga.
 Ruín CADELA, roe ás veces, boa correa.
 CAN que moito lambe tira sangue.

Por outra banda, é relativamente frecuente atopar paremias en que se eliminou a forma verbal. Dos 61 refráns que vimos analizando, no 20% (12 casos) o verbo está elidido, dando lugar a oracións nominais, de tipo bimembre, relacionadas asindeticamente, na que o primeiro membro presenta un marco ou tópico informativo no que deberemos situar o que se enuncia no segundo:

CALDO sin grasa, pan sin tasa.
 Canto máis CALDO, máis sopas.
 CARRO derradeiro, ben cargado, ben baldeiro.
 Labradores novos, mal polos COMAREIROS.
 Mal de moitos, CONSOLO de bobos.
 Morto o CAN, morta a rabia.
 Pra entender de presos, CARCELEIROS vellos.

Nalgúns casos pódese pensar que a forma elidida é do verbo *ser*, pero tamén haberían outras formas. A relación entre os dous membros pode ser interpretada como de equivalencia –“CALDO sin grasa, (é coma) pan sin tasa”, “Mal de moitos, (é) consolo de bobos”–; de consecuencia –“Morto o can, (daquela), morta a rabia”–, de conveniencia –“Para entender de presos, (convén) carceiros vellos”–, concesiva –“Carro derradeiro, (aínda que vaia) ben cargado, ben baldeiro”–;... e sobre case todos cabería sempre a interpretación lóxica de tipo condicional –“Se o caldo non ten grasa, pan sen tasa”, “Se morre o can, acábase a rabia”, “Carceiro vello se queres que entenda de presos”–, etc.

⁶² Estas porcentaxes foron elaboradas por nós mesmos a partir de corpus o suficientemente grandes como para seren tidas en conta.

⁶³ Non obstante, téñase en conta que a designación do substantivo vén en varios casos acoutada por modificadores adxacentes.

De por parte, nestas oracións nominais, ó non haber forma verbal, obviamente o refrán perde en informatividade canto á marcaxe da temporalidade, da persoa ou da modalidade da acción, proceso ou estado, e pola contra gaña en xeneralidade e universalidade. A atemporalidade do refrán evidénciase na presenza maioritaria de verbos en presente, tempo neutro fronte ás formas marcadas de pasado e futuro. No corpus, dos 48 refráns que presentan formas verbais conxugadas, as formas de presente de indicativo son maioría. Só en 8 paremias atopamos outros tempos: concretamente 2 con formas en imperativo, 4 con formas en presente de subxuntivo e 2 con formas de futuro de subxuntivo. Estes usos verbais veñen resaltar, como vimos dicindo, o carácter atemporal do refrán. Por outra banda, repárese en que o uso do imperativo está tamén en relación coa brevidade, pois adoita ser unha forma verbal máis curta cás outras.

O valor universal e atemporal das sentenzas vai adoito acompañada da despersonalización. Xa vimos como esta está patente nos refráns en que se eliminou o verbo e, xa que logo, os morfemas de persoa. Nos casos de refráns co verbo explícito, a impersonalización pode vir dada por ser o núcleo predicativo un infinitivo, forma tamén atemporal e impersoal (“Por CAMPAR, rabiar”); ou ser unha forma conxugada en terceira persoa (tamén considerada gramaticalmente como “non persoa”), que é a dominante nos refráns; ou na segunda, pero empregada nun uso dislocado como de terceira con valor de indeterminación do axente (“Caves ben, caves mal, cava ben no CARREIRAL”). Outras marcas lingüísticas que resaltan o trazo de despersonalización no refrán son os casos de suxeitos expresados por substantivos sen artigo (“Labrador cazador, COELLOS n’a despensa e fame n’o comedor”); por relativos, sexa *quen* (“Quen vai en CARRO, nin vaia pé, nin a cabalo”), sexa *o que* (“Na terra dos CEGOS o que ten un ollo é Rei”); ou usos de nomes propios xa usados como comúns, o caso de *Xan* (“Moza qu’á moitos fai CARA, digoche Xan qu’é unha maula”), ou este de *Cremente*, usado ludicamente por esixencias da rima: “¿Onde vas, CREMENTE? –Vou coa xente”. É tamén común a referencia ó axente con pronomes indefinidos: *ninguén*, *uns*, *outros*, *moitos*, *calquera*, *nadie*... (“Moito e ben n’o fai ningué”, “Uns nacen deitados e outros de pé”, “Mal de moitos, CONSOLO de bobos”, “«Pódeme quen sepa e áteme calquera», dixo a viña ó labrador”, “Nadie as faga, que tarde ou cedo, todas se pagan”) ou co seu agochamento en construcións impersoais co pronome *se* (“Os CARTOS cóllens’unha vez e antes cóntanse tres”, “En casa chea, lógo se fai a CEA”).

Na seguinte táboa recolleemos con porcentaxes algunhas características morfosintácticas dos refráns:

Táboa 4: Trazos morfosintácticos frecuentes nos refráns

Trazo	%
Uso de substantivos sen artigo	65%
Oracións en que se eliminou a forma verbal	20%
Formas verbais en presente	66%

Por outra banda, certos esquemas sintácticos repítense con frecuencia en varios refráns. Trátase de estruturas sintácticas que actúan como moldes e que pretenden, igual ca outros artificios, facilitar a fixación e memorización da paremia na súa transmisión oral. Os exemplos e datos que ofrecemos a seguir teñen en conta o total dos 732 refráns publicados n' *A Monteira*.

No tocante á orde dos constituíntes oracionais, a posición non marcada do suxeito en galego é a preverbal cando este é unha frase nominal articulada. E en efecto, un 12.5% dos refráns (91 casos) van iniciados por unha frase nominal funcionando como suxeito, ou quizais sería mellor falar dun suxeito-tópico, que ten como finalidade informativa contextualizar ou enmarcar a información comentario que vén a seguir no refrán: “A mordedura do can cos pelos se cura”, “A caste da horta sal da corte pola porta”⁶⁴. Pero en contra da lingua común, si chama a atención que tamén moitos refráns vaian iniciados por frases substantivas (sen artigo) funcionando igualmente como suxeitos-tópicos: “Brancura sete faldas disimula”. Ofrecen este encabezamento 162 refráns, o que supón un considerable 22% do total dos refráns d' *A Monteira* (máis có 12.5% das frases nominais)⁶⁵. Deles, nun 50% (81 casos), os refráns teñen por estrutura unha oración nominal: “Boi bravo rego largo”, “Obras, das sobras”... O 50% restante (81 casos) son estruturas oracionais con verbo: “Moscatel non vai ó pichel”. Estas frases substantivas poden ter como estrutura só un núcleo substantivo (sobre todo nos refráns de estrutura nominal: “Caridá, sin vanidá”), levaren un modificador posposto, ben un adxectivo (“Bens divididos, bens perdidos”, “Fol mollado masa leva”); ben un complemento do nome con *de* (máis habituais nas oracións nominais: “Regalo de monxa ferrado de trigo”, “Prenda de gallego diñeiro vale”); ben unha oración de relativo con *que* (máis frecuente nos refráns de oración con verbo): “Vello qu' incha e mozo que mirra, pouca vida”, “Can que moito lambe, tira sangue”); ou ben outros complementos rexidos por outras preposicións: *en, sin, con, por...* (“Polvo en abril, lama en agosto”, “Palleiro sin palla non se fai”, “Palabra por decir non ten chata”, “Sarna con gusto non pica”...). No inicio tamén poden aparecer dúas frases substantivas coordinadas, como comentamos máis abaixo: (“Viño branco e muller, o primeiro que viñer”, “Leña verde e xente moza todo é fume”). Na seguinte táboa ofrecemos os datos numéricos de cada unha das estruturas destas frases substantivas en función de suxeito-tópico na posición inicial do refrán no corpus d' *A Monteira*⁶⁶:

64 De feito, a maioría deles admite unha pausa ou inflexión (e mesmo nalgún caso vai sinalada con coma), que vén coincidindo en moitos casos co final do primeiro hemistiquio e eixe do refrán: “A mordedura do can ↑ cos pelos se cura”. O mesmo sucede nos exemplos que comentamos a seguir das frases substantivas.

65 En 9 refráns, as frases substantivas dislocadas á esquerda son complementos directos (6): “Neve febreiriña pícaa a galiña”, 2 atributos (“Rei é quen Rei non ve”) e un complementos temporal (“Rubiás ó sol nado, pigoreiro, andarás mollado. Rubiás ó sol posto, pigoreiro, andarás enxoito”).

66 No galego común unha frase substantiva non pode funcionar como suxeito en posición preverbal, de non ser nuns poucos casos excepcionais –algúns dos que acabamos de comentar nos refráns– en que o substantivo é foco informativo, leva un modificador ou vai nunha estrutura coordinada.

Táboa 5: Estrutura das frases substantivas ó inicio de refrán

<i>Frase substantiva</i>	<i>Oracións nominais (81 refráns)</i>	<i>Oracións con verbo (81 refráns)</i>	<i>% Sobre total de refráns</i>
NUC substantivo	9	1	1%
NUC + MOD adxectivo	20	31	7%
NUC + Compl. Prep. con <i>de</i>	30	14	6%
NUC + Or. de relativo con <i>que</i>	2	14	2.20%
NUC + Compl. Prep. con outras preposicións (<i>en, con, por, sin</i>)	12	12	3.25%
Estrutura coordinada de dous membros	8	9	2.30%

Pola súa parte, un considerable número de paremias van iniciadas por unha oración de relativo nominalizada, maiormente en función de suxeito, que representan un considerable 13% dos refráns totais. Destes comezan por *O que...* 61 exemplos (o 8% do total): “O qu’á solas fas na casa poidan todos ver na plaza”; e por *Quen...* 39 exemplos (o 5%): “Quen moito corre, logo para”.

Seguindo coa posición dos constituíntes funcionais, son igualmente frecuentes os deslocamentos ó inicio de complementos circunstanciais de tempo e lugar, que pasan así a funcionar externamente a xeito de tópicos ou marcos de referencia temporal e locativa do que se enuncia a seguir. Entre os marcos temporais, destacan por número de ocorrencias os refráns encabezados por *Cando...* 16 exemplos (o 2% do total dos refráns): “Cando Pico-Sagro pon touca, auga temos moita”; por *Mentras...* (6 casos): “Méntra-lo pau vai e vén, descansa o lobo”; ou por *Des que* (6 exemplos): “Desde se pon o sol pouco día queda”. Poden ser tamén categorialmente frases prepositivas rexidas por *En...* (13 casos): “Na moceda e roupa rachada todo engarra”; *Por...* (9 casos): “Pola santa báixas’a peana”; ou *De...* (5 casos): “De noite tódolos gatos son pardos”. Dos marcos locativos, o maior número de refráns son oracións de relativo encabezadas por *Onde...*, en total 23 casos, que supoñen o 3% do total: “Ond’hai cartas calan barbas”; e despois frases por *En...* (13 casos): “En cama molida non se goberna a vida”.

E aínda se repite unha outra tendencia canto á orde sintáctica, ben que con menor frecuencia: aquela en que a palabra final do refrán é unha forma verbal, en moitas ocasións por necesidades de rima. Nos alfabetizados por “A”, os refráns que rematan cun verbo supoñen un 8%. Son casos coma: “A alforxa do pobre con todo pode”, “A galiña polo bico pon” ou “A quen nada tiña e herdou, boa castaña ll’estalou”.

No tocante ás relacións sintácticas entre os distintos elementos do refrán, cómpre dicir que máis dun 40% das paremias d’A *Monteira* presentan no seu interior unha estrutura coordinada. As máis frecuentes son as copulativas, que aparecen nun 34% dos refráns (246 exemplos). O conector máis habitual é a conxunción *e* (216 casos), nuns poucos casos reforzada con *mais* (5 exemplos), sempre frases: “O crego e mailo zorro, se perden á mañán perden o día todo”; e noutros, pola negación *non* (25 casos), introducindo así no segundo membro coordinado un contraste con respecto ó primeiro de valor adversativo: “Fártas’un de comer e de beber e non se farta de saber”, “Liño d’Holanda pesa e non anda”.

A conxunción *e* coordina unidades frásticas e oracionais en porcentaxes semellantes. Cando conecta frases, é moi frecuente que a estrutura coordinada sexa de dous membros e inicie o refrán, do tipo: “O pan e a pedra no camiño medran”; atopamos este esquema en 50 refráns, un número elevado xa que supón o 5% do total. Os constituíntes coordinados poden ser dúas frases nominais, as máis numerosas (13 casos): “A deuda e o labor sempre veñen ó peor”, “O ovo e a abelán, conforme veñen van”; ou dúas frases substantivas, cun núcleo nominal sen artigo pero con modificador (11 casos), o que os faculta para apareceren como suxeitos preverbais: “Boa roupa e boa vida fan a vella garrida”; “Fidalgos pobres e bestas vellas acaban as nosas terras”; ou tamén só os núcleos substantivos, sen adxacente ningún (6 casos): “Brencellao e caíño os pais son do viño”, “Escribanos e ameixeiras libremos Dios das miñas leiras”. As que inician o refrán poden ser tamén dúas frases preposicionais coordinadas (6 casos): “Coas castañas asadas e sardiñas saladas n’hai ruín viño”, “No tempo e na morte n’hai fianza”; “Pra a misa e pra o souto, n’hai que esperar un por outro”; en varios casos, dous infinitivos (10 exemplos): “Casar e morrer, unha vés”, “Chegar e encher non pode ser”; ou mesmo dúas oracións de relativo nominalizadas (4 casos): “O que paga a Xan e debe a Andrés, ten que pagar outra vez”, “O que perde o burro e topa a albarda, xa non sofre perda tanta”.

O valor semántico máis frecuente da conxunción *e* é o de ‘adición’, mais ó ser o nexa máis básico poden engadírselle matices contextuais diversos: condicional: “Comer pouco e rabo enxoiro” (= *Se comes...*); consecutivo: “O que debía e pagou, tiña dolor e sanou” (= *...xa que logo, sandou.*); de sucesión temporal: “O que perde o burro e topa a albarda, xa non sofre perda tanta”. (= *e despois*); ou adversativo reforzado coa negación *non*, xa antes comentado: “Sabe un a onde chegou e non sabe a onde chegará” (= *pero non o sabe*).

Pola súa parte, a coordinación copulativa negativa representa un 5% dos casos (30 casos). Atópamola a través das seguintes estruturas correlativas: *Nin... nin...* (16 casos), coma en “En Lugo, nin boa besta nin bo burro”; *Non... nin...* (6 casos), coma en “O que non ten carro nin bois, anda antes ou despois”; coa variante de *non* truncada: *N’... nin...* (6 casos), coma en “N’hai atallo sin traballo, nin rodeo sin recreo”; ou *Nunca... nin...* (2 casos), coma en “Nunca faltou casa pró vivo, nin sepultura pra morto”.

As construcións coordinadas disxuntivas veñen aparecendo nun 5% dos refráns totais. Anotamos 41 exemplos, dos cales o 51% (22 casos) teñen como enlace a conxunción *ou*. Deles, o 65% dos casos enlaza construcións frásticas: “Altas, ou baixas, en Abril son as Páscoas”, “Fágas’o ben e fágao Xan ou Miguel”; e só nun 35% conecta oracións: “Quen con moitos se consella, fai o que non debe, ou cerdea”, “Canto máis dan ó tolo, máis quere, ou máis tolo o fan”. En 8 casos *ou* aparece en correlación con outro *ou*, enlazando cláusulas ou frases de valor disxuntivo exclusivo, en porcentaxes iguais: “Quén de todo se admira, ou é parvo, ou se fai el”, “Tronos en Marzo, ou fame, ou mortazo”.

Outros esquemas coordinados de menor frecuencia son as construcións distributivas, que supoñen un 2.5% do total. A fórmula correlativa *Un... (e) outro...* é a que máis rexistramos (11 exemplos): “Un mata e outro esfolo”. Pola súa parte, *O que en... no outro...* vémosla en 5 casos: “O que n’este mundo fai mofa, no outro, foza”; a de *Cal... cal...*, en 2 casos: “Cal de verzas, cal de papas, ataquémo-las barazas”; e as de *Ou quer... ou quer*: “Moza, que moito s’arrisca, ou quer novio, ou quer trisca” e *Que... que...*: “Que seas canteiriño, que non, as pedriñas de tizón”. Só as localizamos en cadanseu exemplo.

As estruturas comparativas fan parte dun 6% dos refráns (44 exemplos). Os esquemas comparativos máis repetidos son os de desigualdade, co nexo descontinuo *máis... que...* (32 casos): “A porca de maio vale máis no principio que no cabo”; dentro delas a estrutura máis fixada é a de *Vale máis... que...*, con 22 casos, ou a invertida: *Máis vale... que* (3 casos): “Vale máis caer en gracia que ser gracioso”, “Máis vale entrar pobre no ceo que rico no inferno”. Outros 3 casos son de *pior... que...* (“N’hai pior duro que o desnudo”), e outros 2 de *primeiro* (ou *antes*)... *que...*: “Fártase primeiro o papo que o ollo”. De igualdade só temos 5 casos: 2 son cos nexos correlativo: *tan(to)... como/com’...*: “Tan longa foi a romaría, com’o día”, e 3 só co nexo do comparado con *como*: “Nunca chove como trona”.

As estruturas condicionais aparecen no 3% dos refráns (23 casos), todas elas coa conxunción *se* como nexo. A estrutura preferida nun 63% destes exemplos é a que presenta a prótese principiando a paremia (14 exemplos): “Se Dios quer e hai proporción, en fillos e pitos logo s’un pon”, “S’a noite de Navidá foi d’escuro, sementa no terrón duro”. Nos 6 exemplos restantes (o 24%), antes da prótese aparece un elemento topicalizado: “O crego e mailo zorro, se perden a mañán perden o día”. Noutros 3 casos (o 12%) é a apódose a que inicia o refrán (3 casos): “Ama a túa muller se ques paz na casa ter”.

Os esquemas consecutivos, adversativos, causais, cuantitativos ou concesivos raramente os localizamos nos nosos refráns. Dos consecutivos rexistramos 5 exemplos de correlacións do tipo *Tan(to)... que* (5 casos): “Tan bonita é a culpa que nadie a quer”, e outros 5 sen o cuantificador intensivo: “Nunca choveu que non escampase”. Estruturas adversativas aparecen en 5 refráns: 3 co conector *pero* (“O traballo non mata, pero amata”) e 2 con *senón que* (“O que compra con diñeiro que n’é seu non diga que compra, senón que vendeu”). Nos esquemas causais localizados é sempre a conxunción *que* (6 casos) a que introduce a causa, nexo habitual tamén na lingua oral: “Pobre do pobre, que todo o mundo o mole”. Pola súa parte, en 5 refráns repítese o esquema cuantitativo correlativo: *canto máis/menos... máis...* “Canto máis caldo, máis sopas”, “Canto menos vulto, máis craridá”. Por último, nos concesivos, sempre aparece *anque* como nexo (3 refráns): “Anque a sardiña está no plato, n’é por falta de gato”⁶⁷.

Outras estruturas que tenden á fixación nos refráns teñen que ver coa negación e co discurso referido. O uso frecuente da polaridade negativa relaciónase co carácter moralizante da paremia e, xa que logo, coa prohibición ou consello ante certos feitos. Os refráns que comezan cunha palabra negativa supoñen un 7% do total (53 exemplos). Por frecuencias, os máis numerosos son os iniciados pola forma plena do adverbio *Non...* (18 casos), entre os cales son reiterativas as secuencias *Non sabe...* (5 casos): “Non sabe un onde a ten”, e *Non todo...* (4 casos): “Non todo o que reloce é ouro”. Igual número (18 casos) comezan co alomorfo truncado de *non* ante vogal, *N’...*, nos cales se repiten decote os esquemas *N’hai... sin...* (8 casos), coa variante coordinada *N’hai... sin...; nin... sin...* (2 casos): “N’hai branca sin tacha, nin morena sin gracia”. Nos refráns introducidos por *Nunca...* (7 exemplos), repítese *Nunca faltou...* (4 casos): “Nunca faltou fociño para o meu Martiño”. Os introducidos polo castelanismo *Nadie...* son 5 exemplos, dos que 2 son variantes da expresión imperativa en negativo: “Nadie as faga, que tarde ou cedo, todas se pagan”. Outros 4 refráns comezan por *Nin...* en correlación con outro *nin...*, que xa comentamos nos estruturas coordinadas.

67 Téñase en conta o xa antedito de que matices condicionais, adversativos, causais, consecutivos... tamén se expresan a través das estruturas bimembres co verbo elíptico e das coordinadas copulativas.

Pola súa banda, en 9 casos o refrán susténtase nunha estrutura de estilo directo, sempre co verbo de lingua *dicir* e sempre pechando a paremia, a non ser dous casos: “«¡Pobriñas! Ábrenvos tarde e non comedes», dixo o raposo ás galiñas”, “«Ábrete saco: unha maquía me debes e dúas ch’agarro, » dixo un muiñeiro”.

Na seguinte táboa recolleemos en porcentaxes as estruturas sintácticas máis rexistradas nos refráns publicados n’*A Monteira*:

Táboa 6: Estructuras sintácticas máis rexistradas nos refráns

Tipos de estrutura sintáctica	Subtipo	% de total de refráns
Coordinada		41.7%
	Copulativas	34%
	Copulativas negativas	5%
	Disxuntivas	5%
	Distributivas	2.7%
Iniciados por unha frase substantiva (sen artigo) funcionando como suxeito-tópico		22%
	NUC subst.+ MOD adx	7%
Oración nominal asindética (sen verbo)		20%
Iniciados por unha relativa nominalizada		13%
	Iniciadas por <i>O que...</i>	8%
	Iniciadas por <i>Quen...</i>	5%
Iniciados por unha frase nominal (con artigo) funcionando como suxeito-tópico		12%
	De polaridade negativa	7%
Comparativa	Iniciadas por <i>Non... ou N’...</i>	5%
		6%
Iniciados por un complemento temporal	Iniciadas por <i>Vale máis... que...</i>	3%
		6%
Iniciados por un complemento locativo	Iniciados por <i>Cando...</i>	2%
		4.5%
Condicional	Iniciados por <i>Onde...</i>	3%
	Iniciadas por unha prótese con <i>Se...</i>	3%

6. A xeito de conclusión

Marcial Valladares foi artífice dunha das máis numerosas coleccións de refráns no século XIX, formada por arredor do milleiro de paremias recollidas a maioría delas da boca dos seus paisanos da Ulla. Situamos a súa colección no contexto doutras colleitas feitas en Galicia durante o Rexurdimento e referenciamos as distintas obras e traballos onde se poden atopar os refráns por el anotados. Unha boa parte do seu refraneiro publicouno no seu *Diccionario gallego-castellano* (1894), onde a paremia actúa ó servizo da lexicografía, exemplificando o bo uso do lema definido. Estes mesmos refráns máis novas paremias foron publicadas posteriormente na prensa da época. A última delas apareceu na revista *A Monteiro* e contiña 732 refráns. Máis refráns novidosos foron anotados por el nos diferentes suplementos ó dicionario que seguiu confeccionando e mais no seu texto gramatical de 1892, onde agrupa en apartados diferentes, ó igual que fixera no *Diccionario*, os “modismos” e os “refráns”.

Como non podía ser doutro xeito, os refráns por el anotados teñen como motivo o modo de vida tradicional dos labregos: o seu hábitat, as súas angueiras, o tempo meteorolóxico, os animais que os rodean... Achegamos exemplos deles a partir das 25 palabras que máis se repiten no seu refraneiro. De por parte, tamén relacionamos as características que definen o refrán, como a brevidade, o sentencioso, a intemporalidade, a despersonalización, a perdurabilidade a través da transmisión oral... cos trazos lingüísticos que favorecen eses trazos; isto é, comentamos o ritmo, a métrica e a rima nos refráns, así como a tendencia á fixación de certas estruturas sintácticas que sen dúbida perseguen unha memorización máis doada.

Fomos ofrecendo porcentaxes numéricas desas descrições a partir da análise de grupos de refráns, o que permite facermonos unha idea do que podería ser un refrán tipo. Así, por exemplo, podemos indicar que tenden á estrutura bimembre (un 78% dos casos), na que as dúas pólas adoitan rimar (un 65% de casos) e ter medida isosilábica aproximada. A brevidade dos refráns queda manifesta na media de 13 palabras por ítem, que contrasta coas doutras modalidades textuais, coma a xornalística (23 palabras) ou a literaria (17 palabras). A tendencia a xeneralización, universalidade e intemporalidade do refrán relacionámolo coa frecuencia con que os substantivos van sen artigo, con que as formas verbais dominantes sexan as do presente (máis do 80%) e con que a forma verbal apareza elidida en moitas ocasións, dando lugar a oracións nominais (un 20% do total). A orientación á fixación e á repetición de certas estruturas sintácticas facilitan o recordatorio do refrán e con iso a súa permanencia na comunidade. Así, hai certas fórmulas ou esquemas sintácticos de inicio que se repiten con frecuencia ó longo do refraneiro, como indicamos na táboa 6: os encabezados por unha frase substantiva, por unha oración de relativo nominalizada –sexa por *Quen...*, *O que...*, ou *Onde...* –, por un complemento circunstancial de tempo ou lugar funcionando a xeito de marco, por unha palabra negativa (*non...*, *n'...*, *nunca...*), unha estrutura comparativa do tipo *Vale máis... que...*, ou unha prótese condicional iniciada por *Se...*

A relación sintáctica máis habitual nos refráns é a coordinación, sobre todo de tipo copulativo máis ca disxuntivo –como tamén é habitual na lingua oral–, seguida da de tipo asindético (conformando oracións nominais que xa comentamos). Demos conta así mesmo de que outros tipos de construcións: comparativas, condicionais, concesivas, adversativas, causais... aparecen en frecuencias moi baixas.

Xa que logo, o refrán tipo analizado presenta unha estrutura polo xeral breve, bimembre, con recursos prosódicos propios da poesía e con esquemas (morfo)sintácticos repetitivos e sinxelos que teñen por función, sobre todo, favorecer a memorización e asegurar así a súa transmisión. Ó seu recordatorio é á súa mecanización axudan tamén outros artificios literarios que non abordamos nesta ocasión, pero que podemos dicir que se basean tamén en repeticións e xogos de sons, palabras e estruturas sintácticas de diferente xeito, coma as anáforas, paralelismos, aliteracións, onomatopeas... Algúns destes recursos aparecen en refráns como (seguimos a orde alfabética): “Ano d’ameixas, ano de queixas”, “Cand’a xesta fai trís-tras, busca muller que a terás”, “Cando eu quero, non queren elas, e, cando elas queren, teño outras ideas”, “Dios sobre todo e sobre Dios nada”, “Fillo de comerciante, paseante e o do paseante, confiscante”, “Morra Marta e morra farta”, “Ó que de vran non lle ferve a mola, d’inverno non lle ferve a ola”, “¿Pronde fuche, cristiano; pronde fuche, prond’andache, qu’ás tres misas de Nadal non chegache?”, “¿Quién te fai rico? –Quen che fai o pico”, “Tres anos de tus-tus, tres anos de bon can e outros tres de lacazán”...

Referencias bibliográficas

- Barreiros, Paloma / Juan Taboada / Henrique Neira (2009): “Meteoroloxía e clima nas coplas e refráns da Ulla”. *A Estrada, miscelánea histórica e cultural* 9, 265-293.
- Canellada, M^a José (1983): “Para una tipología del refrán”. *Homenaje a José Manuel Blécula*. Madrid: Gredos, 123-125.
- Carré Aldao, Eugenio (1911): *Literatura gallega con extensos apéndices bibliográficos y una gran antología de 300 trabajos escogidos en prosa y verso de la mayor parte de los escritores regionales*. Bos Aires: Casa Editorial Maucchi.
- Casares, Julio (1950): *Introducción a la lexicografía moderna*. *Revista de Filología Española*, anexo LII.
- Conca, María (1987): *Paremiología*. Valencia: Servei de Publicacions, Universitat de València.
- Corpas Pastor, Gloria (1997): *Manual de fraseología española*. Madrid: Gredos.
- Fernández Salgado, Xosé Antonio (2003): “A colección de refráns de Marcial Valladares. Compilación e edición”. *Tabeirós Terra. Xornal Cultural da Estrada* XIII (Decembro), 9-16. [Edición electrónica da colección en www.aestrada.com/autores/refransld.pdf.]
- Fernández Salgado, Xosé Antonio (2005): *Marcial Valladares. Biografía dun precursor no Rexurdimento galego*. Pontevedra: Servizo de Publicacións da Deputación Provincial.
- Ferro Ruibal, Xesús / Ana Vidal Castiñeiras (2002): “Notas para unha bibliografía paremiolóxica galega”. *Cadernos de fraseoloxía galega* 4, 35-58.
- Iglesia, Antonio de la (1886): *El idioma gallego su antigüedad y vida*, t. III. A Coruña: Latorre y Martínez - Editores.
- Murguía, Manuel (1865): *Historia de Galicia*, t. I. Lugo: Imprenta de Soto Freire.
- Peira, Pedro (1988): “Notas sobre la lengua de los refranes”. *Homenaje a Alonso Zamora Vicente*, t. I. Madrid: Castalia, 481-488.
- Saco Arce, Juan Antonio (1868): *Gramática gallega*. Lugo: Imprenta de Soto Freire.
- Saco Arce, Juan Antonio. [1881] (1987): *Literatura popular de Galicia. Colección de coplas, villancicos, diálogos, romances, cuentos y refranes gallegos*. Ourense: Diputación Provincial. [Ed. de Juan L. Saco Cid.]
- Valladares Núñez, Marcial [1867] (2003): *Cantigueiro popular*. A Estrada: Fundación Cultural da Estrada. [Ed. de X. Luna Sanmartín.]
- Valladares Núñez, Marcial (1884): *Diccionario gallego-castellano*. Santiago de Compostela: Estab. Tip. del Seminario Conciliar Central.

Valladares Núñez, Marcial (1887): “Refrás, proverbios e decires gallegos recollidos pol-o que firma e non contidos n-a Gramáteca do señor Saco e Arce”. *O Tío Marcos d’a Portela*, Ourense, 205 (27/11/1887), 206 (4/12/1887), 207 (11/12/1887). [Só contén os refrás que comezan polas letras A-E.]

Valladares Núñez, Marcial (1887, 1888): “Refranes, proverbios y decires gallegos, recogidos por el que firma y no contenidos en la Gramática del Señor Saco-Arce”. *Galicia. Revista Regional*, A Coruña, t. I, 4 (4/1887), 5 (5/1887), 9 (9/1887), 10 (10/1887); t. II, 3 (3/1888).

Valladares Núñez, Marcial (1890): “Refrás, proverbios e decires gallegos recollidos pol-o que firma, e non contidos n-a Gramáteca do señor Saco y Arce”, en *A Monteira*, Lugo, 60 (22/11/1890), 61 (29/11/1890), 62 (6/12/1890), 63 (13/12/1890), 64 (29/12/1890); 65 (27/12/1890). [Contén un “Apéndice II” novo.]

Valladares Núñez, Marcial [1892] (1970): “Refranes y decires que suponemos no publicados todavía”. *Elementos de gramática gallega*. Vigo: Galaxia, 121-124.

Valladares Núñez, Marcial [1896] (s.d.): *Nuevo suplemento al Diccionario gallego-castellano, publicado en 1884 por D. M(arcial) V(alladares) N(úñez) autor de uno y otro. Cadernos de lingua*, anexo 4. [Ed. de M. García Ares.]

Vázquez Saco, Francisco (2003): *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral. Cadernos de fraseoloxía galega* 5. [Ed. de J. Beloso Gómez, P. Buján Otero, X. Ferro Ruibal e M^a C. Paz Roca.]

Vidal Castiñeiras, Ana (2003): “Un manuscrito paremiolóxico de Murguía”, *Cadernos de fraseoloxía galega* 4, 117-128.